

# PRINCIPAIS RETOS DE GALICIA CARA A 2030

## MATRIZ DAFO

### INFRAESTRUTURAS

## GRUPO 3: COMPETITIVIDADE

### MESA: Infraestruturas

#### RETOS E NECESIDADES DE GALICIA CARA A 2030

- 1. Completar a articulación da rede de infraestruturas de transporte de Galicia co exterior e a conexión cos principais eixes exteriores.**
  - 1.1 Impulsar a coordinación co resto de administración competentes, para garantir que os investimentos realizados por elas contribúan a acadar os obxectivos fixados a nivel autonómico.
  - 1.2 Elaborar un Plan director de Infraestruturas que deseñe unha rede de infraestruturas viable, adaptada ás necesidades dos distintos usuarios e de forma coordinada coa Administración Xeral do Estado e as entidades locais.
  - 1.3 Coordinar un esquema integrado e único de infraestruturas portuarias, aeroportuarias, ferroviarias e viarias, que vertebre o territorio autonómico, transformando as infraestruturas competidoras en infraestruturas competitivas.
  - 1.4 Corredor Atlántico.
- 2. Asegurar que un alto porcentaxe da poboación se sitúe a 15 minutos ou menos do acceso á rede de Vías de Altas Prestacións.**
  - 2.1 Garantir unha rede de infraestruturas viarias funcional, competitiva, segura, acorde coa política territorial e accesible dende os distintos territorios, para contribuír na loita contra o despoboamento no rural.
  - 2.2 Remodelar o sistema de peaxes de forma que se mellore a competitividade de Galicia en relación co resto de Comunidades Autónomas do Estado.
  - 2.3 Impulsar medidas que analicen o uso das vías de transporte por estrada para garantir a eficacia dos investimentos en mantemento.
- 3. Mellorar a calidade da rede viaria para aumentar a súa funcionalidade e seguridade viaria e adaptala á evolución da mobilidade e da tecnoloxía.**
  - 3.1 Aumentar a capacidade e mellorar a calidade, funcionalidade e seguridade das vías de comunicación.
  - 3.2 Dispoñer dun plan de seguridade viaria de Galicia que considere o aumento na esperanza de vida da poboación e os colectivos de usuarios máis vulnerables para reducir a sinistralidade e as mortes e feridos graves nas estradas.
  - 3.3 Impulsar a conexión de infraestruturas e vehículos para a realización de comunicacións e actuacións preventivas que reduzan o número de accidentes (sinalización intelixente, avisos nos vehículos).

- 3.4 Realizar os cambios precisos na configuración das estradas para minimizar os danos en caso de accidente (“estradas que perdoan”).
- 3.5 Mellorar a seguridade dos usuarios vulnerables con elementos de seguridade activa e pasiva nas estradas.
- 3.6 Coordinación coas administracións locais para o impulso de actuacións de seguridade en estradas municipais e travesías.
- 3.7 Realizar actuacións de formación, concienciación e educación, especialmente dos colectivos vulnerables, con especial atención ás travesías e ás vías próximas que conflúen co Camiño de Santiago.
- 3.8 Mellorar a resposta tras os accidentes.
- 3.9 Impulsar o desenvolvemento de novas tecnoloxías relacionadas co vehículo autónomo que sitúen a Galicia na vangarda do sector da automoción.

#### **4. Impulsar o papel do sistema portuario para o crecemento socioeconómico de Galicia.**

- 4.1 Mellorar a coordinación entre os portos de titularidade estatal e autonómica.
- 4.2 Especializar a actividade realizada nos distintos portos.
- 4.3 Reducir a pegada de carbono da actividade portuaria.
- 4.4 Poñer en marcha medidas que reduzan o impacto ambiental dos combustibles usados no transporte marítimo.

#### **5. Desenvolver sistemas de transporte intermodais que fomenten o emprego dos medios de transporte colectivos.**

- 5.1 Aumentar a oferta de transporte público.
- 5.2 Fomentar hábitos de transporte alternativos ao vehículo privado.
- 5.3 Impulsar a implantación de novos medios de mobilidade sostible para zonas do rural pouco poboadas e alonxadas.
- 5.4 Fomento da mobilidade urbana multimodal sustentable.
- 5.5 Fomento de medidas de adaptación ao cambio climático con efecto de mitigación.
- 5.6 Mellorar a coordinación entre os diferentes medios de transporte.
- 5.7 Mellorar a conectividade entre as redes de transporte público.
- 5.8 Fomento de estratexias de redución do carbono para todo tipo de territorio.

#### **6. Promover solo industrial accesible mediante distintas fórmulas.**

- 6.1 Fomentar solo industrial acorde cos plans territoriais, os condicionamentos loxísticos e a demanda industrial.
- 6.2 Reforzar a conectividade do solo coas vías de comunicación, fundamentalmente alternativas ao transporte por estrada.
- 6.3 Revisar a oferta de solo industrial para axustala á demanda en cada territorio, con especial atención ás áreas transfronteirizas con Portugal.

**7. Asegurar o subministro enerxético e de redes de comunicación, de calidade a prezos competitivos.**

7.1 Fomentar o uso de enerxía baixa en carbono.

7.2 Seguir reforzar o peso das enerxías renovables no mix enerxético.

7.3 Mellorar o acceso a redes de comunicación de altas prestacións, de acordo ás necesidades territoriais.

DEBILIDADES	AMEAZAS	FORTALEZAS	OPORTUNIDADES
D.1. Situación xeográfica periférica que prexudica as conexións co resto da península e coas redes transeuropeas de transporte	A.1 Menor dispoñibilidade de recursos financeiros e redución de recursos públicos para proxectos de infraestruturas.	F.1 Mellora da vertebración territorial (mobilidade, interconexión, integración) polo forte investimento en infraestruturas de comunicación terrestre nas últimas décadas	O.1 Mellora das infraestruturas de portos e lonxas para a recollida de residuos e refugallos mariños, a eficiencia enerxética, seguridade, calidade e trazabilidade de produtos desembarcados
D.2 Elevada dispersión da poboación e topografía accidentada que provoca dificultades na prestación de servizos nas zonas rurais	A.2 Reorientación dos recursos financeiros da política de cohesión europea cara a proxectos de tecnoloxía e coñecemento	F.2 Posta en servizo de novas liñas de ferrocarril no eixo atlántico. Mellora substancial da conexión ferroviaria entre as cidades da franxa atlántica	O.2 Grandes avances na industria do automóbil: desenvolvemento do vehículo autónomo
D.3 Desigualdade territorial entre a franxa atlántica e as provincias do interior	A.3 Incremento dos prezos das peaxes que poden derivar tráfico cara a vías con menor seguridade viaria	F.3 Sistema portuario e transporte marítimos galego especialmente desenvolvido. Galicia, pola súa localización xeográfica, forma parte da “autoestrada do mar” de Europa occidental.	O.3 Inclusión de Galicia no Corredor Atlántico ferroviario de mercadorías
D.4 Escaseza de fórmulas de cooperación eficientes en proxectos de infraestruturas e prestación de servizos municipais.	A.4 Previsión dun menor ritmo de crecemento da actividade económica nos próximos anos.	F.4 Excelente infraestrutura de portos, lugares de desembarque e importante industria auxiliar	O.4 Despregamento de infraestruturas de banda larga con cofinanciamento comunitario e avances nas tecnoloxías de comunicación e recollida de datos. Inclusión pioneira de Galicia no sistema 5G
D.5 Reducida actividade portuaria nun gran número de portos	A.5 Posible incidencia negativa do Brexit sobre o tráfico pesqueiro e o transporte marítimo de mercadorías	F.5 Posta en marcha de servizos de transporte a demanda e de transporte colectivo compartido	O.5 Finalización da conexión co resto da península por vía férrea de alta capacidade
D.6 Diferenzas importantes entre os portos en canto a infraestruturas e condicións de uso	A.6 Competencia do norte de Portugal para o establecemento empresarial.	F.6 Maior demanda de mobilidade entre os núcleos de poboación principais e os da súa contorna	O.6 Desenvolvemento dun plan para dotar de estacións intermodais de transporte ás principais cidades galegas
D.7 Importante rede de estradas secundarias que rexistran maiores índices de siniestralidade	A.7. Peche das centrais eléctricas de Meirama e As Pontes	F.7 Existencia de planificación estratéxica en materia de infraestruturas de transporte e mobilidade	O.7 Situación estratéxica de Galicia no marco da Eurorrexión co Norte de Portugal e para a conexión marítima co resto de Europa, África e o continente americano

DEBILIDADES	AMEAZAS	FORTALEZAS	OPORTUNIDADES
D.8 descoordinación do sistema aeroportuario galego que implica pouca especialidade e complementariedade entre os tres aeroportos galegos		F.8 Crecente desenvolvemento da banda larga en todo o territorio galego	O.8. Utilización das Directrices de Ordenación (DOT) do territorio para o deseño das infraestruturas de comunicación
D.9 Baixo uso da interconexión entre os aeroportos, as estacións de tren e as estacións de autobuses e entre os portos e as redes ferroviarias para o transporte de mercancías		F.9 Alta participación das enerxías renovables no consumo final bruto de enerxía	
D.10 Rexión transformadora de enerxía, cun saldo negativo de intercambios enerxéticos			
D.11 Complexidade administrativa na creación de novos proxectos empresariais.			